


LEBOZÁN (Lalín)

Igrexa de Santiago de Lebozán

NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/4)

Día 27.-

Lebozán, Eirexa rectangular, sinxela cicáis do XVII . Porta de arco carpanel, que foi de *(bosquexos de arcos en arista e carpanel)* e se repicou, con óculo enriba.




Espadana de unha soia campana.

Pranta rectangular, con sacristía lateral de agora.

Nunha tampa.

(Bosquexo da tampa).



Lebozán. Lugar tipo Terra de Montes. Xente suave. Ollos azues e pelo negro. Lugar agrupado. (Fotos). Hai xente non viu unha máquina. Queren retratarse.

Regato de Couso.

No lugar. Casca, a secar. Ao chegar ao lugar de Couso nótase o troque de xentes, de costrucción e de caiaiter.

Siguen o cultivo do millo e as nocés xigantes. Terra moi san.